



CONCELLO DE

PONTE CALDELAS

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA Nº 510/2016

O Concello detectou a necesidade de manter e mellorar os equipamentos municipais e proxecta neste caso realizar unha mellora na zona deportiva sita en Chan da Barcia construíndo unha pista de patinaxe e un Minigolf.

Á vista da solicitude realizada en data 07.07.16 á Dirección Xeral de Administración Local e visto o requirimento de data de entrada no Concello o 12.08.16, nº RE 3870 e a nova documentación enviada en data 18.08.16.

Por Resolución de Alcaldía nº 327/2016 de data 07.07.16 acordou a aprobación da memoria e orzamento da obra para a "Construción dunha pista de patinaxe e un minigolf en Chan da Barcia" por un importe de 35.000,00 €, máis un IVE de 7.350,00 €, total: 42.350,00 €.

En data 19.09.16 (nº RE-4324) recibíuse neste Concello a Resolución de concesión da cantidade de 35.000,00 € para a realización do investimento "Construción dunha pista de patinaxe e un minigolf en Chan da Barcia", segundo a Orde do 14 de xuño de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, dentro do Plan específico extraordinario de investimentos destinados á mellora de infraestruturas e equipamentos nos concellos de Galicia.

Á vista do exposto, considérase realizar a obra "Construción dunha pista de patinaxe e un minigolf en Chan da Barcia" mediante contrato menor.

Por Resolución de Alcaldía nº 489/2016 de 13.10.16 acordouse o inicio do expediente.

Consta certificado de existencia de crédito de 14.10.16.

Por providencia de alcaldía de 14.10.16 solicitouse oferta cos criterios de maior prazo de garantía e menor prazo de execución a tres empresas cos seguintes resultados:

EMPRESA	PRAZO GARANTÍA (ANOS)	PUNTOS	PRAZO DE EXECUCIÓN	PUNTOS	TOTAL PUNTOS
EXCAVACIONES Y TRANSP. BELMONTE	1	2	5	4	6
ZONA DE OBRA O ROSAL, SL	3	5	4	5	10
VIGALCO, SL	1	2	5	4	6

Á vista do exposto, e de conformidade co establecido na Disposición Adicional Segunda do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, e que no artigo 10 na Lei 40/15 establece "Artigo 10. Avogación. 1. Os órganos superiores poderán avogar para si o coñecemento dun ou varios asuntos cuxa resolución corresponda ordinariamente ou por delegación a os seus órganos administrativos dependentes, cando circunstancias de índole técnica, económica, social,



xurídica ou territorial fágano conveniente" e á vista do exposto e das competencias establecidas na Disposición Adicional Segunda do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, **RESOLVO**:

PRIMERO. Avogar puntualmente a competencia delegada por Resolución de Alcaldía nº 228/2015 na Xunta de Goberno Local en data 15.06.15.

SEGUNDO. Levar a cabo o contrato de obras de "Construción dunha pista de patinaxe e un minigolf en Chan da Barcia" mediante o procedemento do contrato menor, coa empresa Zona de Obra O Rosal, SL, CIF B94106663, por un importe de 35.000,00 €, máis un IVE de 7.350,00 €, total: 42.350,00 €, de acordo coas condicións establecidas na *Orde do 14 de xuño de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, dentro do Plan específico extraordinario de investimentos destinados á mellora de infraestruturas e equipamentos nos concellos de Galicia.*

TERCEIRO. Aprobar o gasto correspondente á contrato de obras de "Construción dunha pista de patinaxe e un minigolf en Chan da Barcia" por un importe de 42.350,00 € para o ano 2016 con cargo á partida 342/619.00 do vixente orzamento para o 2016.

CUARTO. Nomear como directora da obra á Arquitecta Municipal, D^a Andrea Estévez Fernández e a D. Ángel M. Roncero Díez para a coordinación de seguridade e saúde da obra.

QUINTO. Requirirle á empresa para que presente o Plan de Seguridade e Saúde para que sexa aprobado polo Concello.

SEXTO. Requirirle á empresa para que deposite a garantía correspondente co 5% do orzamento de execución material sen IVE no prazo de dous días hábiles coa finalidade de proceder á sinatura do contrato.

SÉTIMO. Unha vez realizada a obra, incorpórese a factura e tramítese o pago se procede.

OITAVO. Notificar a resolución ós licitadores no prazo de dez días a partir da data da resolución.

En Ponte Caldelas, a 18 de outubro de 2016

O alcalde,

Asdo.: Andrés Díaz Sobral

Documento asinado electronicamente á marxe

